

B A I O N A
D I V E R S A
M E M O R I A , V O Z E R Ú A

- B A S E S R E G U L A D O R A S -

MARATÓN FOTOGRÁFICA "ORGULLO NO FOCO"

NO MARCO DO PROXECTO "**BAIONA DIVERSA: MEMORIA, VOZ E RÚA**", IMPULSADO POLA CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE BAIONA CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO MES DO ORGULLO, ESTABLÉCENSE AS PRESENTES BASES REGULADORAS DA **MARATÓN DE FOTOGRAFÍA LGBTIQA+ EN BAIONA "ORGULLO EN FOCO"**, CO OBXECTIVO DE **PROMOVER A PARTICIPACIÓN CIDADÁ, A CREATIVIDADE E A SENSIBILIZACIÓN ARREDOR DA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL, DE XÉNERO E FAMILIAR.**

1. OBXECTO E FINALIDADE

A MARATÓN FOTOGRÁFICA TEN COMO FINALIDADE FOMENTAR A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE A TRAVÉS DUNHA PROPOSTA ARTÍSTICA E PARTICIPATIVA QUE PROMOVA OS VALORES DE IGUALDADE, RESPECTO, LIBERDADE E DIVERSIDADE.

A INICIATIVA TEN COMO OBXECTIVO:

- VISIBILIZAR A DIVERSIDADE PRESENTE NA SOCIEDADE BAIONESA.
- PROMOVER ACTITUDES DE RESPECTO E INCLUSIÓN SOCIAL.
- FAVORECER A REFLEXIÓN COLECTIVA ARREDOR DOS DEREITOS LGBTIQA+.
- XERAR CONTIDOS VISUAIS CON CAPACIDADE DE SENSIBILIZACIÓN COMUNITARIA.
- IMPLICAR Á CIDADANÍA NUNHA ACCIÓN CULTURAL PARTICIPATIVA NO ESPAZO PÚBLICO.

2. ÁMBITO DE DESENVOLVEMENTO

A ACTIVIDADE DESENVOLVERASE NO TERMO MUNICIPAL DE BAIONA, SENDO A VILA O ESCENARIO PRINCIPAL DAS PROPOSTAS FOTOGRÁFICAS PRESENTADAS.

3. PERSOAS PARTICIPANTES

1. PODERÁ PARTICIPAR CALQUERA PERSOA FÍSICA, SEN LÍMITE DE IDADE.
2. NO CASO DE PERSOAS MENORES DE IDADE, A PARTICIPACIÓN IMPLICARÁ A AUTORIZACIÓN PREVIA DAS SÚAS NAIS, PAIS OU PERSOAS TITORAS LEGAIS.
3. PÓDESE PARTICIPAR DE XEITO INDIVIDUAL OU COLECTIVAMENTE.
4. CADA PERSOA OU GRUPO PARTICIPANTE PODE PRESENTAR UNHA ÚNICA FOTOGRAFÍA.

4. TEMA DA MARATÓN

AS FOTOGRAFÍAS DEBERÁN ESTAR RELACIONADAS COA TEMÁTICA DA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL, DE XÉNERO, DA IGUALDADE, DO RESPECTO, DA LIBERDADE DE EXPRESIÓN E DA INCLUSIÓN SOCIAL.

AS IMAXES PODERÁN REPRESENTAR PERSOAS, ESPAZOS, SÍMBOLOS, MENSAXES OU COMPOSICIÓNS ARTÍSTICAS QUE TRANSMITAN VALORES VINCULADOS Á CONVIVENCIA, Á PLURALIDADE E AO RECOÑECEMENTO DA DIVERSIDADE.

AS PROPOSTAS DEBERÁN RESPECTAR EN TODO MOMENTO OS DEREITOS FUNDAMENTAIS E OS VALORES DE IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN, NON ADMITÍNDOSE CONTIDOS OFENSIVOS, VIOLENTOS, DISCRIMINATORIOS OU CONTRARIOS Á FINALIDADE DO PROXECTO.

5. CARACTERÍSTICAS E DESENVOLVEMENTO DA MARATÓN

A MARATÓN DESENVOLVERASE ENTRE O **LUNS 22 DE XUÑO ÁS 12:00H E O MÉRCORES 24 DE XUÑO ÁS 19:00H**, SENDO ESTA A DATA LÍMITE PARA RECIBIR AS PROPOSTAS.

AS PERSOAS PARTICIPANTES DEBERÁN RECOLLER PREVIAMENTE NO CONCELLO DE BAIONA 9:00H A 14:00H EN ATENCIÓN CIDADÁ OU NA CAPITANÍA MARÍTIMA DE 16:00H A 19:00H UNHA PEGATINA IDENTIFICATIVA DA ACTIVIDADE (CUN CORAZÓN COA BANDEIRA LGBTIQA+), QUE FUNCIONARÁ COMO ELEMENTO COMÚN DA MARATÓN.

A FOTOGRAFÍA PRESENTADA DEBERÁ INCORPORAR OBRIGATORIAMENTE ESTA PEGATINA, INTEGRÁNDOA DE FORMA VISIBLE, CREATIVA E CONTEXTUALIZADA NA COMPOSICIÓN DA IMAXE.

AS PROPOSTAS PODERÁN INCLUIR MENSAXES ESCRITAS, LEMAS, ELEMENTOS SIMBÓLICOS OU COMPOSICIÓNS CREATIVAS RELACIONADAS COA TEMÁTICA DA ACTIVIDADE.

AS FOTOGRAFÍAS DEBERÁN SER REALIZADAS NO TERMO MUNICIPAL DE BAIONA DURANTE O PERÍODO ESTABLECIDO PARA A MARATÓN.

6. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

OS TRABALLOS DEBEN ENVIARSE ANTES **24 DE XUÑO ÁS 19:00H** AO ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO PARA A ACTIVIDADE: **ORGULLONOFOCO@GMAIL.COM** DÉBESE PROPORCIONAR A SEGUINTE INFORMACIÓN NO CORREO ELECTRÓNICO:

- PSEUDÓNIMO DA PERSOA OU GRUPO PARTICIPANTE.
- IDADE.
- LUGAR ONDE SE TOMOU A FOTOGRAFÍA.
- NÚMERO DE TELÉFONO DE CONTACTO.

CO FIN DE GARANTIR A IMPARCIALIDADE DO PROCESO DE VALORACIÓN, O XURADO TERÁ ACCESO UNICAMENTE AO PSEUDÓNIMO DURANTE A FASE DE AVALIACIÓN. AS FOTOGRAFÍAS DEBEN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS TÉCNICOS:

AS FOTOGRAFÍAS DEBEN CUMPRIR OS SEGUENTES REQUISITOS TÉCNICOS:

- FORMATO JPG.
- CALIDADE MÍNIMA DE 300 PPP.
- TAMAÑO MÍNIMO DE 20 X 30 CM.
- ADMITIRANSE FOTOGRAFÍAS EN COR OU BRANCO E NEGRO.
- NON SE PERMITIRÁN FOTOMONTAXES NIN O USO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL XERATIVA PARA A CREACIÓN TOTAL DA IMAXE, AÍNDA QUE SI PEQUENOS AXUSTES BÁSICOS DE ILUMINACIÓN, CONTRASTE OU ENCADRE.

AS PERSOAS PARTICIPANTES GARANTEN QUE AS OBRAS PRESENTADAS SON ORIXINAIS E DA SÚA AUTORÍA.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O XURADO VALORARÁ AS PROPOSTAS ATENDENDO AOS SEGUENTES CRITERIOS:

- CREATIVIDADE E ORIXINALIDADE DA PROPOSTA.
- ADECUACIÓN Á TEMÁTICA DA IGUALDADE E DIVERSIDADE.
- MENSAXE TRANSMITIDA E CAPACIDADE DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.
- POTENCIAL PARA A SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.
- CALIDADE GLOBAL DA COMPOSICIÓN FOTOGRÁFICA.

8. XURADO

O XURADO ESTARÁ INTEGRADO POR PERSOAS DESIGNADAS POLA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO.

FORMARÁN PARTE DO MESMO PERSOAS VINCULADAS AOS ÁMBITOS SOCIAL, CULTURAL, EDUCATIVO, ARTÍSTICO E COMERCIAL DE BAIONA.

O XURADO PODERÁ SOLICITAR ASESORAMENTO TÉCNICO SE ASÍ O CONSIDERA NECESARIO.

AS DECISIÓNS ADOPTADAS SERÁN MOTIVADAS E INAPELABLES.

9. PREMIOS

OS PREMIOS CONSISTIRÁN EN VALES VÍNCULADOS AO COMERCIO LOCAL. 3 PREMIOS EN TOTAL.

A ENTREGA DE PREMIOS REALIZARASE NUN ACTO PÚBLICO NO MARCO DA PROGRAMACIÓN DO PROXECTO, COINCIDINDO COA MESA REDONDA NA PRAZA DE ABASTOS E COA POSTERIOR INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN COLECTIVA.

O XURADO PODERÁ DECLARAR DESERTO ALGÚN DOS PREMIOS SE ASÍ O ESTIMA OPORTUNO.

10. DEREITOS DE IMAXE, AUTORÍA E USO DAS OBRAS

AS PERSOAS PARTICIPANTES CONSERVARÁN EN TODO MOMENTO A TITULARIDADE E AUTORÍA DAS FOTOGRAFÍAS PRESENTADAS.

A PARTICIPACIÓN NA MARATÓN IMPLICA A CESIÓN NON EXCLUSIVA DOS DEREITOS DE REPRODUCCIÓN, DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN PÚBLICA DAS IMAXES Á CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE BAIONA E Á ENTIDADE PROMOTORA DO PROXECTO, UNICAMENTE CON FINS CULTURAIS, EDUCATIVOS, DIVULGATIVOS E NON COMERCIAIS.

AS IMAXES PODERÁN SER UTILIZADAS EN EXPOSICIÓNS, MATERIAIS INFORMATIVOS, MEMORIAS DO PROXECTO, PÁXINAS WEB, REDES SOCIAIS OU OUTRAS ACCIÓNS VINCULADAS Á DIFUSIÓN DA INICIATIVA, FACENDO CONSTAR SEMPRE A AUTORÍA CORRESPONDENTE.

AS PERSOAS PARTICIPANTES RESPONSABILÍZANSE DE CONTAR COS CONSENTIMENTOS NECESARIOS DAS PERSOAS QUE POIDAN APARECER IDENTIFICABLES NAS FOTOGRAFÍAS PRESENTADAS.

EN NINGÚN CASO SERÁ UN USO COMERCIAL DAS OBRAS SEN AUTORIZACIÓN EXPRESA DAS PERSOAS AUTORAS.

11. EXPOSICIÓN DAS OBRAS

AS FOTOGRAFÍAS PARTICIPANTES PODERÁN FORMAR PARTE DUNHA EXPOSICIÓN PÚBLICA COLECTIVA POSTERIOR VINCULADA Á PROGRAMACIÓN DO "BAIONA DIVERSA: MEMORIA, VOZ E RÚA"

A ORGANIZACIÓN DETERMINARÁ O NÚMERO DE OBRAS SELECCIONADAS, O FORMATO EXPOSITIVO E OS ESPAZOS DE EXHIBICIÓN.

A PARTICIPACIÓN NA MARATÓN IMPLICA A ACEPTACIÓN DESTA POSIBLE EXPOSICIÓN.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

OS DATOS PERSOAIS RECOLLIDOS NO MARCO DA ACTIVIDADE SERÁN TRATADOS CONFORME Á NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS E UTILIZARANSE EXCLUSIVAMENTE PARA A XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E COMUNICACIÓN DA MARATÓN FOTOGRÁFICA.

13. RESPONSABILIDADE

A ORGANIZACIÓN RESÉRVASE O DEREITO DE EXCLUÍR AQUELAS PROPOSTAS QUE NON CUMPRAN CO ESTABLECIDO NAS PRESENTES BASES OU RESULTEN INCOMPATIBLES COS PRINCIPIOS DE IGUALDADE, RESPECTO, DIVERSIDADE E CONVIVENCIA QUE INSPIRAN A ACTIVIDADE.

14. ACEPTACIÓN DAS BASES E DISPOSICIÓN FINAIS

A PARTICIPACIÓN NA MARATÓN SUPÓN A ACEPTACIÓN ÍNTEGRA DAS PRESENTES BASES, ASÍ COMO DAS DECISIONS ADOPTADAS POLA ORGANIZACIÓN E POLO XURADO.

A ORGANIZACIÓN RESÉRVASE O DEREITO DE INTERPRETAR E RESOLVER CALQUERA CUESTIÓN NON PREVISTA NESTAS BASES, GARANTINDO EN TODO MOMENTO O CORRECTO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.

GRAZAS POR PARTICIPAR!



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA



A CASA DAS REDES